



Carlos Santos Guerrero, con DNI 32.829.273 Q, funcionario de carreira da Xunta de Galicia con destino na Consellería de Traballo e Benestar, na súa condición de Secretario do Padroado da "Fundación Galega para a Tutela de Persoas Adultas" (FUNGA), provista de NIF G-15.586.696 e domiciliada en Santiago de Compostela, provincia da Coruña, Rúa Salgueiriños de Abaixo, nº 15 B – Baixo, clasificada como mixta pola Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 19 de decembro do 1996 (DOG nº 253 do 30 de decembro) e declarada de interese galego pola Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública do 10 de xaneiro de 1997 (DOG Nº 16, do 24 de xaneiro), figurando inscrita co número 1996/14,

CERTIFICA:

Que o Padroado da FUNGA, na súa xuntanza extraordinaria do día 02/03/2015, á que asistiron dona Beatriz Mato Otero, como presidenta, e dona María Jesús Lorenzana Somoza, don Juan José Martín Álvarez, don Félix Rubial Bernárdez, como vogais, acordou aprobar, por unanimidade, o nomeamento dun tribunal selectivo para o desenvolvemento do proceso de selección dun/dunha novo/a director/a-xerente da fundación, integrado por tres persoas, sendo designados como titulares e suplentes os/as seguintes funcionarios e funcionarias:

- Titulares: Francisco Javier Pérez Lago de Lanzós, Jorge Rubén Sampedro Grande e Isabel Martínez Pellicer.
- Suplentes, propón a Jesús Marcial Méndez Magán, M^a. Emmanuela Díaz Castro-Rial e M^a. Jesús López Bahamonde.

Que, nesta mesma xuntanza, o Padroado tamén acordou encargarlle á Dirección xeral de Familia e Inclusión, como órgano competente para "o seguimento da xestión da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas-Funga", tal como dispón o artigo 29.1.f) do Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, a elaboración dunha proposta de bases reguladoras do dito proceso de selección dun/dunha novo/a director/a-xerente da fundación, que deberá ser sometida á aprobación do Padroado, nunha vindeira xuntanza.

Que non asistiu á antedita xuntanza extraordinaria dona María Amparo González Méndez, vicepresidenta do Padroado, pero enviou un escrito de delegación do seu voto en dona María Jesús Lorenzana Somoza.

Que tampouco asistiu á antedita xuntanza extraordinaria dona Coro Piñeiro Vázquez, vogal do Padroado, pero enviou un escrito de delegación do seu voto en dona María Jesús Lorenzana Somoza.

E para que así conste, asino este certificado.

Santiago de Compostela, a 24 de marzo de 2015

Visto e Prace,
A presidenta,

Beatriz Mato Otero